

Como ler e analizar o informe de resultados do centro educativo da **Avaliación de Diagnóstico**

2023-2024



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Como ler e analizar o informe de resultados do centro educativo da Avaliación de Diagnóstico 2023-2024

Cada centro ten dispoñible en *Avalia* un informe para cada unha das avaliacións de diagnóstico nas que participa (educación primaria e/ou educación secundaria obrigatoria) onde dispón de información sobre os resultados acadados en conxunto polo seu alumnado nas distintas competencias avaliadas.

A estrutura do informe é modular: dedícase un módulo a cada unha das 4 competencias avaliadas de forma independente. A información que se recolle para cada unha delas é relevante, porque permite valorar o que sabe facer o alumnado do centro e con que solvencia.

As puntuacións recollidas no informe, que reciben o nome de puntuacións transformadas, seguen unha distribución normal de media 500 e desviación típica 100 $N(500,100)$, isto é, a escala habitual empregada polos distintos proxectos internacionais de avaliación educativa, como PISA. Mediante o uso do modelo de Rasch da Teoría psicométrica da Resposta ao Ítem (amplamente utilizado en avaliacións estandarizadas deste tipo, como PISA) obtéñense as puntuacións do alumnado e calíbrase a dificultade de cada pregunta. Son o resultado dunha modelización estatística de dous parámetros: a capacidade do alumnado de responder correctamente e a dificultade das preguntas ás que responde.


Na práctica, o informe establece niveis de desempeño competencial, proporciona unha descrición dos niveis en termos de indicadores de logro dos criterios de avaliación do currículo da etapa ou curso e permite medir o nivel competencial do alumnado do centro. Dalgún modo, aproxímanos ao que sabe facer o alumnado dun centro educativo e con que solvencia, e polo tanto, en que aspectos curriculares ten máis debilidades e cales están máis afianzados.

Cada un dos módulos dedicados no informe a cada competencia ten, á súa vez, 3 bloques (un por páxina):

A. Primeira páxina. Datos identificativos e resultados por competencia

A1. Datos identificativos:

Na parte superior deste bloque identifícase o centro educativo, a avaliación e o ano académico. Inclúe un reconto do alumnado matriculado na proba xeral da competencia (todo o alumnado, excepto aquel con adaptación curricular para o que se desenvolveu no centro unha proba específica) e do alumnado que realmente realizou a proba.




A2. Resultados por competencia:

Preséntase un gráfico cos seguintes elementos:

- Unha escala numérica, centrada no valor 500, e con rango de 0 a 1000.
- Unha barra onde se marcan, en diferentes tons de verde, os 6 niveis de desempeño competencial, ordenados (do 1 ao 6) de menor a maior complexidade. A descrición competencial dos 6 niveis realízase no último bloque.
- A puntuación media do alumnado de cada grupo.
- A puntuación media do alumnado de todo o centro.
- A puntuación media do alumnado de todos os centros educativos clasificados no mesmo grupo ISEC.


O ISEC (Índice Socioeconómico e Cultural) é unha medida do contexto socioeconómico do alumnado matriculado no centro. Calcúlase con información extraída dos cuestionarios cubertos polo alumnado e as súas familias. Este indicador segue tamén unha distribución normal de media 500 e desviación típica 100 $N(500,100)$. A partir del, establécense 5 grupos ISEC: baixo, medio-baixo, medio, medio-alto e alto.




Mediante o uso da Teoría da Resposta ao Ítem e a aplicación do Modelo de Rasch obtense a **distribución de puntuacións do alumnado de toda Galicia**.

As puntuacións seguen unha distribución normal de media 500 e desviación típica 100, como en PISA.

Para cada competencia establécense 6 niveis de desempeño competencial, comúns para todo o alumnado e todos os centros. O valor 500 atópase sempre nas proximidades da fronteira entre os niveis 3 e 4.



A **descrición competencial dos 6 niveis atópase na terceira páxina**.



Este gráfico proporciona o **valor medio das puntuacións na competencia do alumnado en cada grupo e en todo o centro**.


Inclúese unha última barra para o valor medio das puntuacións do alumnado de todos os centros de Galicia clasificados na mesma categoría do Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC), dentro das cinco posibles.

DÉBESE PRESTAR ESPECIAL ATENCIÓN SE:

1. O **valor medio** do centro ou dalgún dos seus grupos está **próximo aos 425 puntos**.
2. Hai **diferenzas** entre algúns dos grupos de **máis de 50 puntos**.
3. Hai un **déficit de 50 puntos ou máis do valor medio da puntuación** do centro respecto do grupo ISEC correspondente.

O bloque de resultados por competencia remata cun gráfico que permite analizar a dispersión dos resultados para o alumnado de todo o centro en comparación coa dispersión das puntuacións do alumnado dos centros no mesmo grupo ISEC.

En centros cun número suficiente de alumnos/as, o natural é que haxa alumnado en (case) todos os niveis, en maior ou menor porcentaxe. O alumnado do centro debería acumularse maioritariamente en niveis próximos ao valor medio da competencia.



Sendo o **Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC)** unha das variables que máis condiciona o nivel competencial do alumnado en todas as avaliacións educativas deste tipo, o grupo ISEC (formado por todo o alumnado dos centros co mesmo nivel de ISEC) é a referencia natural coa que cada centro debe compararse.

A comparación debe facerse prestando **especial atención ás porcentaxes de alumnado nos niveis 1 e 2**.

As dúas barras do gráfico están aliñadas para que coincida verticalmente o punto fronteira entre os niveis 2 e 3, tanto do centro como do grupo ISEC, **tal como marca a liña negra**.

DÉBESE PRESTAR ESPECIAL ATENCIÓN SE:

1. No centro hai unha **porcentaxe no nivel 1 superior ao 15 %**, habendo alumnado no nivel 6.
2. No centro hai unha **porcentaxe no nivel 1 superior nun 5% á porcentaxe de nivel 1 do grupo ISEC de referencia**.
3. No centro hai unha **porcentaxe acumulada nos niveis 1 e 2 superior nun 15 % á porcentaxe acumulada nos niveis 1 e 2 do grupo ISEC de referencia**.

B. Segunda páxina. Bloque de resultados por destrezas


Esta parte do informe ofrece información sobre a competencia desagregada por destrezas e por compoñentes das destrezas. O obxectivo é que estes resultados desagregados poidan orientar ao profesorado sobre as fortalezas e as debilidades do seu alumnado nos distintos aspectos curriculares da competencia en cuestión, que son específicos para cada unha delas.

O interese desta información radica na realización dunha comparación dentro dos centros dos resultados obtidos nas distintas destrezas que conforman a competencia.

De acordo co Marco da avaliación de diagnóstico, para medir as competencias lingüísticas do alumnado, téñense en conta diferentes destrezas: no caso desta proba, a comprensión oral, a comprensión escrita e a expresión escrita.

No que respecta á competencia matemática os indicadores de logro considerados agrúpanse nos seguintes procesos ou bloques competenciais: resolución de problemas, razoamento e proba, conexións e comunicación e representación. Ademais, os contidos estrutúranse en sentidos matemáticos: numérico, da medida, espacial, alxébrico e estocástico.

Unha descrición detallada das destrezas das diferentes competencias avaliadas, así como das súas compoñentes, pode atoparse no portal educativo nas ligazóns ao Marco xeral da avaliación de diagnóstico e no seu Anexo.



As puntuacións que se dan para as destrezas ou partes das destrezas requiren de novos cálculos estatísticos independentes dos anteriores. Isto fai que para centros con pouco alumnado non sexa posible reconstruír a puntuación da competencia a partir das puntuacións nas destrezas ou nas súas partes.

O interese destas puntuacións non reside na comparación do resultado do centro cunha referencia como o grupo ISEC, senón que o que permiten é realizar unha comparación das puntuacións nas distintas destrezas dentro do centro.

As destrezas, ou partes das destrezas, con puntuacións máis altas poden interpretarse como fortalezas do alumnado nesa competencia, mentres que as destrezas con puntuacións máis baixas poden interpretarse como debilidades.

DÉBESE PRESTAR ESPECIAL ATENCIÓN SE:

1. A diferenza de puntuación entre as destrezas de **comprensión oral e de comprensión escrita supera os 50 puntos.**
2. A diferenza de puntuación entre as destrezas de **comprensión e a destreza de expresión escrita supera os 50 puntos.**
3. As diferenzas entre **dous dos sentidos matemáticos supera os 50 puntos.**
4. Algunha das **destrezas** ou partes das destrezas ten unha **puntuación próxima a 425 puntos.**

Indicadores

Indicador	Puntuación	Nivel	Descrición
ISEC	497.8	medio	Índice social, económico e cultural

(*) Non se dispón de datos para calcular o valor do indicador.

O ISEC é relevante para os gráficos da páxina anterior do informe. Defínense 5 categorías e clasifícanse os centros en cada unha delas. Recolle información sobre o contexto económico, social e cultural do alumnado. **Permite saber se o rendemento do alumnado do centro é mellor, inferior ou comparable co rendemento do alumnado doutros centros educativos de características similares.**

Para os centros con menos dun 25 % de cuestionarios de alumnado e familias non se calcula o ISEC do centro e non se asigna o centro a ningún grupo ISEC.

C. Terceira páxina. Bloque de definición dos niveis competenciais

Cada módulo remata cunha táboa na que se describen os niveis establecidos para cada competencia en termos de indicadores de logro, concibidos, de acordo co Marco da avaliación de diagnóstico, como a concreción dos criterios de avaliación establecidos no currículo da materia ou área da etapa correspondente.

A Teoría de Resposta ao Ítem establece o que é capaz de facer o alumnado en termos probabilísticos segundo o nivel competencial no que se atopa. Así, o alumnado nun nivel competencial, entre o 1 e o 6, ten:

- unha probabilidade do 60 % de alcanzar os indicadores de logro dese nivel,
- menos dun 50 % de probabilidade de alcanzar os indicadores de logro do seguinte nivel,
- pero máis dun 70 % de probabilidade de alcanzar os do nivel anterior.

Considéranse fortalezas competenciais do alumnado do centro aqueles indicadores de logro dos niveis inferiores que acumulen no seu conxunto menos do 40 % do alumnado.

Nivel	Indicadores de logro
6	*Reflexiona sobre os procedementos expositivos utilizados nun texto, tales como exemplificación, definición, clasificación, citación etc.
5	*Diferencia informacións nesgadas ou falsas de noticias auténticas e contrastadas. *Avalía a fiabilidade dun ou varios textos. *Cohesión *Coherencia
4	*Selecciona a información máis relevante do texto. *Identifica referencias textuais relacionadas cos principios de propiedade intelectual. *Interpreta a intención comunicativa do emisor ou emisora. *Deduce a que xénero literario pertence o texto. *Relaciona procedementos de substitución lingüística con exemplos tomados dun texto. *Adecuación *Corrección ortográfica e gramatical.
3	*Interpreta o efecto dun recurso expresivo. *Valora a validez dos argumentos en situacións comunicativas concretas. *Infíre información relevante dun texto. *Interpreta a estrutura global do texto. *Deduce o tema principal do texto. *Interpreta palabras, enunciados ou textos desde un punto de vista lingüístico.
2	*Relaciona fragmentos ou obras literarias con outras manifestacións artísticas. *Infíre as causas do comportamento das e dos personaxes que aparecen nun texto. *Relaciona un texto coas características propias do xénero ao que pertence.
1	*Localiza información a través da linguaxe non verbal. *Localiza información explícita nun texto. *Recoñece connotación e denotación nun enunciado.


Os **indicadores de logro** están ordenados de menor a maior probabilidade de seren alcanzados polo alumnado. Os distintos indicadores de logro **podrán considerarse fortalezas ou debilidades segundo a porcentaxe** de alumnado do centro en cada nivel.

O alumnado do nivel 4, con puntuacións de 500 puntos ou superior, ten unha probabilidade do 60 % de acadar os indicadores de logro dese nivel, máis dun 70 % de acadar os do nivel 3, e máis aínda de acadar os dos niveis 1 e 2; pero menos dun 50 % de acadar os do nivel 5, e menos aínda de acadar os do nivel 6.

DÉBESE PRESTAR ESPECIAL ATENCIÓN SE:

1. As **fortalezas** a nivel **centro** quedan reducidas ao **nivel 1** ou aos **niveis 1 e 2**.

Porcentaxe de alumnado que acada cada nivel de competencia



Considéranse **fortalezas competenciais do alumnado do centro** aqueles indicadores de logro dos niveis inferiores que **acumulen no seu conxunto menos do 40 % do alumnado**.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL